

## **CONVOCATORIA PARA CONTRATACIÓN TEMPORAL DE DÚAS PRAZAS PARA DESARROLLO DE APLICACIÓNS WEB CON ASP / ASP.NET E SQL SERVER.**

A *Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela, S.L.U.*, en adiante UNIXEST, fai a convocatoria para a contratación de dúas prazas para cubrir mediante contratación temporal as necesidades de persoal informático, baixo ás seguintes condicións

### **BASES DA CONVOCATORIA**

#### **1. REQUISITOS DOS CANDIDATOS**

- a) Ser español/a, nacional de calquera estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles Estados aos cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola UE, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.  
Nacionais de Estados distintos dos indicados anteriormente que se atopen en España en situación de legalidade e sexan titulares do documento que os habilite para traballar.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Estar en posesión do título de ciclo superior, dunha titulación universitaria oficial en Informática (Enxeñaría Superior, Enxeñaría Técnica, Grado ou Máster) ou titulacións universitarias afíns (Física, Matemáticas ou Telecomunicacións).
- e) Ter experiencia acreditada nas funcións a desenvolver.

#### **2. FUNCIONES A DESENVOLVER**

1. Desenvolvemento de aplicacións Web
  - a. Coñecementos de programación de páxinas web dinámicas (ASP, .NET, JSP)
  - b. Coñecementos de programación de páxinas web estáticas (HTML, CSS, Javascript)
  - c. Coñecementos de programación en XML, XSLT e XSL-FO
  - d. Deseño de bases de datos en Microsoft SQL Server
  - e. Programación en bases de datos Microsoft SQL Server (procedementos almacenados en Transact-SQL)
2. Mantemento de aplicacións web baseadas en Microsoft SQL Server
  - a. Resolución de incidencias técnicas
  - b. Elaboración de informes de explotación

#### **3. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS**

Quen desexe participar neste proceso de selección deberá presentar solicitude, segundo o modelo anexo a esta convocatoria, acompañada de NIF, curriculum vitae con fotocopia dos méritos alegados e a vida laboral, mediante correo certificado, dirixida a Unixest (Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela S.L.U Colexio de San Xerome-Praza do Obradoiro s/n. 15782 Santiago de Compostela). As solicitudes presentadas a través das oficinas de Correos deberán ir en sobre aberto, para

ser datadas e seladas antes de certificarlas. As persoas solicitantes deberán adiantar por correo electrónico ao enderezo [unixest@usc.es](mailto:unixest@usc.es), e dentro do prazo establecido para a presentación, copia da mesma debidamente presentada xunto con copia do curriculum vitae.

En calquera momento Unixest poderá requirir dos/as aspirantes os orixinais ou copias debidamente compulsadas dos documentos presentados.

Co fin de garantir a participación en condicións de igualdade, aquelas persoas cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% indicarán na súa solicitude as necesidades de adaptación específicas e o seu motivo. Esta circunstancia deberá ser acreditada documentalmente xunto coa solicitude, presentando copia orixinal ou compulsada da cualificación da minusvalía.

O prazo de presentación de solicitudes será de 7 días naturais dende a aprobación e publicación da presente convocatoria.

#### **4. ADMISIÓN DE SOLICITUDES**

Rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase na web [www.unixest.com](http://www.unixest.com) a lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Para reclamar ou emendar os defectos que motivaran a exclusión ou omisión das devanditas listas, os/as aspirantes disporán dun prazo de 3 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita resolución.

Rematado o prazo para emendar os defectos que motivaron a exclusión ou omisión publicarase a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas na web [www.unixest.com](http://www.unixest.com), así como o lugar, data e hora de realización da proba práctica e da entrevista.

#### **5. COMISIÓN DE SELECCIÓN**

A comisión de selección estará composta polos seguintes membros:

Presidente: José Manuel Cotos Yáñez

Vocal: Manuel Rodríguez Ruano

Secretaria: Ana Fernández Montero

#### **6. PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN**

O sistema de selección consistirá na valoración de méritos, proba práctica e a realización de entrevista.

##### **I.- Primeira fase: valoración de méritos**

Esta fase será cualificada de 0 a 10 puntos.

1. Formación académica: **máximo 4 puntos.**
  - Titulación de FP superior en Informática: 1,5 puntos
  - Titulación universitaria en Informática: 2,5 puntos
  - Titulacións universitarias afíns: 1 punto
  - Outros cursos relacionados co posto de duración superior a 20 horas: ata 1,5 puntos.
2. Experiencia profesional realizando tarefas das descritas no punto 2: **máximo 5 puntos.**
  - Experiencia de analista/programación/ dirección de proxectos: 1 punto por ano traballado.
  - Experiencia de documentalista/ CAU/ outras tarefas: 0,5 puntos por ano traballado.
3. Coñecementos de inglés (B2 ou superior): **máximo 1 punto.**

**Só accederán á segunda fase aquelas candidaturas que acaden un mínimo de 5 puntos na primeira fase.**

#### **II.- Segunda fase: Proba práctica**

- Resolver un exemplo práctico sobre consultas Transact-SQL en Microsoft SQL Server.
- Realizar un exemplo práctico de desenvolvemento de unha páxina Web coa linguaxe ASP/ASP.Net.

O tempo da proba será de unha hora. Valorarase ata un **máximo de 10 puntos**.

**Só accederán á entrevista aquelas candidaturas que acaden un mínimo de 5 puntos na segunda fase.**

#### **III.- Terceira fase: Entrevista**

Versará sobre os méritos alegados e a experiencia da persoa aspirante, así como a súa adecuación ás funcións descritas no punto 2 da convocatoria.

Valorarase ata un **máximo de 5 puntos**.

### **8. XEIRA DE TRABALLO E REMUNERACIÓN**

- O contrato sera temporal e a súa duración virá dada polas necesidades de contratación de Unixest por obra ou servizo.
- Retribución e xeira de traballo: a remuneración será de 19.900€ brutos anuais e a xeira de traballo segundo convenio.

### **9. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN**

A Comisión elevará a proposta provisoria de contratación a favor das dúas persoas aspirantes que acaden maior puntuación, sumadas as tres fases, que se publicará na páxina web indicada no punto 4. Contra esta proposta os/aspirantes poderán presentar reclamación mediante correo electrónico dirixido á Comisión no prazo máximo de 2 días hábiles a contar dende o seguinte á publicación.

Rematado dito prazo, e unha vez resoltas as reclamacións presentadas, a Comisión elevará a proposta definitiva de contratación e publicarase na páxina web. Crearase unha lista de garda co resto de persoas aspirantes.

### **10. DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

Corresponde á comisión de selección a interpretación das presentes bases así como a valoración e os medios de acreditación dos méritos.

A presentación de instancias presupón a aceptación das presentes bases.

Santiago de Compostela, 15 de Febreiro de 2018

O Conselleiro Delegado

José Manuel Cotos Yáñez

Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela, S.L.U

### SOLICITUDE DE ADMISIÓN

1.- Convocatoria para contratación de dúas prazas de persoal informático.

2.- Datos persoais

N.I.F/N.I.E	Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome
Data Nacemento __ / __ / ____	Lugar Nacemento	Teléfono	Correo-e
Grao de Minusvalía	No Caso de Minusvalía, Adaptación que Solicita e Motivo		
Enderezo			Código Postal
Municipio	Provincia	Nacionalidade	

3.- Títulos Académicos Oficiais

Esixidos na Convocatoria
--------------------------

4.- Experiencia

--

O/A abaixo asinante solicita a admisión ao proceso de selección á que se refire esta solicitude.

DECLARA que son certos os datos consignados nela e que reúne as condicións esixidas nesta convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

Lugar

Data

Sinatura

**A Conselleiro Delegado de Sociedade Xestora de Intereses da USC, S.L.U**